



LEA ATENTAMENTE O TEXTO E RESPONDA ÁS CUESTIÓNS.

As doazóns de órganos caeron un 18% no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (Chuac) en 2014 debido, en parte, ao incremento das negativas familiares, que se duplicaron nun ano, ao pasar do 12 ao 24%, tal e como desvelou onte o coordinador de transplantes, Antón Fernández, quen recoñeceu que ese dato "é rechamante", aínda que confiou en que "non se trate dunha tendencia". "Esperamos que sexa algo puntual e que nos próximos meses volvamos ás cifras habituais", apuntou Fernández, e lembrou que detrás de cada negativa familiar "hai un paciente que non se trasplanta". "Dicir 'non' á doazón é pechar unha porta a enfermos sen outra alternativa", insistiu.

O coordinador de transplantes do Chuac tamén vinculou o descenso das doazóns coa mellora nos coidados intensivos e a diminución dos accidentes de tráfico. "A morte encefálica está a diminuír nas unidades de coidados intensivos porque a atención temperá ás patoloxías que a causan -hipertensión, riscos por factores cardíacos ou ictus, entre outras- mellorou. Ademais, a redución dos accidentes de tráfico esborrallou os decesos por traumatismo craneoencefálico", explicou.

A pesar da redución no número de doazóns, ao pasar dos 24 doantes multiorgánicos de 2013 a 19 en 2014, as cifras de transplantes "foron boas e mantivéronse", apuntou Antón Fernández, quen especificou que os médicos do complexo hospitalario coruñés practicaron un total de 212 intervencións dese tipo o ano pasado, fronte ás 220 do exercicio anterior, o que supón un descenso do 3,6%. [...]

O coordinador de transplantes do Chuac tamén subliñou que, por primeira vez, a idade media dos doantes de órganos superou os 60 anos (de feito, o 52% excedía esa idade) e que ningún deles tiña menos de 45. "Galicia é a comunidade autónoma cos doantes máis vellos e este complexo hospitalario non é alleo a esta realidade", recoñeceu.

La Opinión. 21.01.2015 (adapt.)

1. Defina os seguintes termos subliñados no texto: *temperá, decesos*. Non son válidas as respostas só con sinónimos.
2. Elabore un esquema onde se reflectan as ideas principais e secundarias do texto.
3. Faga un breve resumo do contido do texto.
4. O coordinador de transplantes do Chuac afirma que "*Dicir 'non' á doazón é pechar unha porta a enfermos sen outra alternativa*". Redacte un texto onde expoña a súa opinión sobre se nesta situación debe prevalecer a vontade das persoas doantes ou a das súas familias. (Extensión aprox. 200-250 palabras).
5. Segmente as seguintes palabras do texto e defina os morfemas que as forman: *recoñeceu* (líña 3), *multiorgánicos* (líña 13). A continuación clasifíqueas de acordo cos seus compoñentes (só se considerará válida a segmentación se é correcta na totalidade).
6. Xustifique a colocación dos pronomes persoais átonos destacados no texto e indique, de maneira razoada, se sería tamén posible que aparecesen noutra posición distinta.
ás patoloxías que a causan
foron boas e mantivéronse
7. Identifique as seguintes unidades sintácticas, subliñadas no texto, e sinala a función que cumpren dentro das unidades superiores en que se integran.
en que "non se trate dunha tendencia"
a comunidade autónoma cos doantes máis vellos
8. Localice no texto un hiperónimo e un cohónimo de hipertensión.